

UNIDADE

5

O léxico grego

ÍNDICE DE CONTIDOS

- 5.1 O morfema e a palabra.**
- 5.2. As clases de palabras**
- 5.3. As familias de palabras**
- 5.4. Derivados patrimoniais e cultismos**
- 5.5. Prefixos gregos**
- 5.6. Sufixos gregos**
- 5.7. A composición como procedemento para a formación de palabras**

Nesta unidade vas lembrar o estudo do morfema e a palabra, as clases de palabras e familias de palabras, do que xa tes algún coñecemento do curso anterior . Estudaranse, tamén, os prefixos e sufixos gregos, como elementos moi produtivos na formación do léxico grego e das linguas modernas. Finalmente, estudaremos a composición, procedemento de formación de palabras que aínda segue estando vixente nas linguas modernas

5.1. O morfema e a palabra

Unha palabra grega, de igual modo que acontecía cunha palabra indoeuropea e acontece cunha palabra galega (en todos os casos se trata de linguas flexivas), componse dunha serie de unidades menores. A estas unidades morfolóxicas mínimas chamámoslles **monemas**.

Os monemas poden ser de dúas clases:

- Uns serven para clasificar a palabra en determinadas categorías (a de xénero, a de número, a función que ten na oración, etc.). A estes chamámoslles **morfemas gramaticais** (as desinencias da flexión nominal, as da flexión verbal, etc.). Os morfemas gramaticais forman un sistema pechado (xa que non son nunca moi numerosos) e estúdanse na gramática.
- Outros morfemas son os portadores do significado das palabras, en cuxos casos os chamamos **semantemas** ou **lexemas** ou **raíces**. Por dicilo dun xeito doado, fan referencia á realidade que a lingua trata de reflectir (non ás categorías lingüísticas, como os morfemas gramaticais). Forman un sistema moito máis amplo e en continua evolución. Constantemente créanse lexemas novos, mentres outros caen en desuso. Tómanse en consideración cando se estuda o léxico dunha lingua.

Dentro dos semantemas existen dous tipos claramente definidos:

- Uns forman unha serie aberta, aos que chamamos **lexemas**. Expresan referencias á realidade de moi variada condición: poden designar realidades concretas como *lingua* (gr. Γλῶττα), ideas abstractas, como *belo*, *beleza* (gr. Καλο-) ou accións, como *comer* (gr. ἐσθίω).
- Xunto a eles hai un segundo tipo de semantemas que serven para precisar o sentido dos lexemas e configurar grupos sistemáticos de significados. Adoitan recibir nomes que dependen da súa posición na palabra, e así chamámoslles **prefixos**, se están antes do lexema, e **sufixos de derivación**, se están despois.

Así, por exemplo, nunha palabra como ἀνατομικός “relativo á disección” ten un lexema -τομ- cun significado amplo *cortar*, que aparece en τόμος *corte* (cf. galego tomo ‘parte dunha obra’) e que alterna cunha forma con -ε- en τέμνω *cortar* e con outra sen vogal en τμήσις *corte*. O lexema -τομ- aparece en ἀνα-τομ-ικός acompañado doutros elementos portadores de significado: o prefixo ἀνά- que lle achega á palabra o sentido de *ao longo*, *en canle* e o sufixo -ικ- que significa *referido a*, *relativo a*, formando adxectivos temáticos de dúas terminacións nas palabras compostas e con feminino declinado polos temas en -η nas palabras simples.

De igual modo que as desinencias poden aparecer unidas a múltiples lexemas, tamén os lexemas poden formar diversas palabras, cando se unen, ben a outros lexemas, ben a sufixos de derivación, que tamén poden estudarse. **Podemos así facernos a idea do sentido dunha palabra, aínda que non a víramos nunca, se coñecemos o significado do lexema ou dos lexemas e o do sufixo de derivación.**

O conxunto dos procedementos por medio dos cales un lexema adquire diversos significados sistemáticos pola adición de determinados sufixos que achegan valores semánticos denomínase **derivación**.

Hai outro procedemento de formación de palabras, a **composición**, mediante o cal se crea unha palabra unindo dúas ou máis que estarían entre si en relación atributiva ou copulativa. A primeira desas palabras (mellor sería dicir, todas menos a última, por se son máis dunha) perde a súa autonomía morfolóxica, é dicir, perde a capacidade de recibir desinen-

cias, de poñerse en plural. Adquire unha forma fixa e é o conxunto das dúas ou máis palabras o que recibe, ao final, desinencias. A miúdo serve de unión entre os elementos do composto unha vogal temática. A relación sintáctica entre os elementos do composto marca as súas diversas clases. Máis adiante iremos vendo diferentes tipos.

5.2. As clases de palabras

A denominación "**clases de palabras**" é preferible á máis antiga "**partes da oración**". Obedece a unha clasificación das palabras fundamentalmente de acordo coa función que teñen na frase e con determinadas características formais. **Certas palabras pertencentes a unha clase poden, mediante algúns procedementos, entrar noutra clase.** Por exemplo, un adxectivo grego cando leva artigo, pode funcionar como substantivo. Ou un substantivo, unido a outro, pode funcionar como un adxectivo. Mesmo hai subclases de palabras que comparten trazos de dúas clases de palabras. Por exemplo, o participio comparte características co verbo (pode levar obxecto directo) e co adxectivo (concerta co nome en xénero, número e caso).

O grego ten as seguintes clases de palabras, que agrupamos en **flexivas e non flexivas**:

- **As clases flexivas son palabras con flexión, isto é, con diversas formas nun mesmo paradigma para expresar diversas categorías.**
 - **O nome.** Presenta as categorías de xénero, número e caso. É o núcleo do sintagma nominal.
 - **O adxectivo.** Presenta as mesmas categorías que o nome, pero diferénciase deste en que, ademais, é susceptible de moción (é dicir, de ir en comparativo e en superlativo). Acompaña un núcleo nominal co que concerta.
 - **O verbo.** Presenta as categorías de voz, modo, tempo, aspecto, número e persoa. É o núcleo do sintagma verbal.
 - **O pronome.** Presenta as categorías de persoa (os persoais), xénero (os non persoais), número e caso. A súa función é deíctica, é dicir, expresa localización, achegamento ou distancia, etc.
- **As clases non flexivas agrupan unha serie de palabras invariables.**
 - **O adverbio.** Serve para complementar o verbo, expresando relacións de tempo, modo, etc.
 - **A partícula.** Confire un determinado valor á oración, pero non é un nexos.
 - **A preposición.** Únese a un nome para conferirlle unha determinada función na frase. Equivale funcionalmente a unha desinencia de caso.
 - **A conxunción.** É un nexos oracional.
 - **A interxección.** Ten un valor exclamativo. É coma se constituíse unha oración por si mesma.

Un mesmo lexema pode dar lugar a palabras de diversas clases. Por exemplo, calquera lexema que configura un adxectivo, e así *καλός* *fermoso* pode dar lugar a un adverbio coa desinencia *-ως* (*καλῶς* *de xeito fermoso*).

Tamén é moi característico das linguas indoeuropeas (e por iso acontece en grego e tamén en latín) que un **lexema con vocalismo diferente** forme verbos ou forme substantivos e adxectivos. Así, por exemplo *πλέκ-ω* *trenzar*, *πλόκος* *trenza*; *φέρω* *levar*, *φορά*

transporte, φόρος *carga*. Por dar un exemplo en latín, *tego* 'cubrir', pero *toga* 'toga', o vestido que cobre o corpo.

5.3. Familias de palabras

Chamamos "**familias de palabras**" (poderíamos chamalas de modo máis científico "**sistemas léxicos**") aos **grupos de palabras que comparten un lexema**. Un mesmo lexema pode, ben formar nomes, adxectivos, verbos ou adverbios, tomando as desinencias propias de cada unha destas clases de palabras, ben recibir diversos prefixos ou sufixos que modifican o seu significado, ben entrar a combinarse con outro ou outros lexemas para formar palabras compostas. Así, o lexema galego *tem-*, engadíndolle desinencias verbais, pode formar un verbo (*temer*), engadíndolle sufixos de derivación e desinencias nominais, substantivos, como *temor*, adxectivos como *temeroso* ou *temible* ou adverbios como *temerosamente*. A existencia de familias de palabras ten a inmensa vantaxe de que unha palabra descoñecida pode ser identificada se se coñece o seu lexema e o seu sufixo de derivación. Se nos atopásemos cun termo que supostamente non tivéssemos oído nunca, como *aluar* (pousarse na lúa), poderíamos adiviñar o seu significado, se sabemos a relación de derivación que existe entre *aterrar* e *terra* e coñecemos o significado da palabra lúa.

Vexamos algúns exemplos de familias de palabras:

Στρατός –οῦ é o exército (tamén στρατιά, –άς). Unha forma co sufixo –ια, στρατεία significa *expedición militar*. Co sufixo –ιος fórmase o adxectivo στρατίος *guerreiro*. Co sufixo –εύω fórmase o verbo στρατεύω que significa *participar nunha campaña militar*. Poden formarse numerosos compostos, como por exemplo, co lexema de ἄρχω *mandar*, στρατ-αρχέω *comandar o exército*, ou στρατ- ἀρχης *comandante do exército*, ou co lexema de ἄγω *conducir*, στρατ-ηγός *xeneral*, e o verbo στρατ- ηγέω *ser un xeneral* (dispostos en orde inversa, ἀγέστρατος *que conduce o exército*). Poderíamos atopar moitos outros exemplos.

Hai, porén, algúns problemas. Un, que os derivados pódense producir nunha etapa anterior da historia da lingua e, debido á evolución desta, **ser irregulares**. Outro, que os derivados poden ser sobre palabras cultas, mentres as palabras básicas poden ser sobre a forma patrimonial. Por exemplo, dise *cheo* (que seguiu a evolución latina pl- > ch-), pero *plenitude*, palabra culta en que o grupo pl- non se alterou. Ou mesmo palabras completamente distintas que substituíron á antiga. Así *infantil* é un derivado sobre *infante*, pero *infantil* significa 'relativo aos nenos', mentres que *infante*, que era a palabra da que derivaba infantil, quedou reservado aos significados de 'soldado de a pé' ou de 'fillo do rei que non é o primeiro herdeiro da coroa'.

Pero **quizais o problema maior é que a regularidade dos sistemas léxicos é moito menor que a dos sistemas morfolóxicos. O seu carácter é sumamente defectivo e imprevisible**. En morfoloxía podemos estudar un grupo reducido de paradigmas e podemos predicir o resto dos elementos do sistema a partir dun ou dous deles. Un exemplo. Se coñecemos un adxectivo cuxo masculino é ἄλογος e cuxo neutro é ἄλογον, podemos predicir todas as formas noutros adxectivos con masculino en –ος e neutro en –ον aínda que o leamos por primeira vez. E así, podemos predicir que o dativo plural da "preciosa" palabra creada por Basilio de Cesarea ἀστραποβροντοχαλαζορειθροδάμαστος *dominado polo raio, trono, sarabia e inundación* sería ἀστραποβροντοχαλαζορειθροδάμαστος. E poden saber que tal dativo de plural expresará as mesmas funcións que expresa ἄνθρωποις. A situación dos sistemas léxicos é moito menos regular. Non é predicible que sufixos se realizan realmente, nin os seus valores semánticos son sempre os mesmos.

A mellor proba de que os sufixos que serven para formar palabra non posúen un valor fixo é que cada palabra sufixada pode (e normalmente realiza esta posibilidade) ter máis dunha acepción. Un dos motivos fundamentais para que os elementos dun sistema léxico non sexan predicibles é o cambio de significado das palabras, que distorsiona o que puido ser o valor orixinario dun termo acorde co sufixo de derivación que o caracteriza, ata facer ás veces case irrecoñecible a relación orixinaria.

En consecuencia, os sistemas léxicos non se configuran en clases abstractas e ben definidas. Non poderíamos xerar por ordenador vocabulario a base de tomar un lexema determinado e engadir os diferentes sufixos para obter mecanicamente lexema + sufixo = derivado cun sentido preciso. **Cada palabra actualiza o valor do sufixo dun xeito peculiar, que depende do lexema, da historia da palabra, do sistema léxico en que se integra.**

Así, o galego ten unha serie de palabras como o verbo *perder*, o nome de axente *perdedor* e dous nomes de acción *perda* e *perdición*, non existindo *perdimento. Xunto a esta serie temos a do verbo *prender*, o nome de axente *prendedor* (que se di máis ben dun obxecto, non de persoas) e non existen os nomes de acción *prenda, nin *prendición. Pola súa banda, xunto ao verbo *comer* existe o nome de axente *comedor* (usado tamén para designar o 'lugar onde se come') que alterna cunha variante expresiva *comellón*, e o nome de acción (e efecto) é *comida* non existindo nin *comición nin *comemento. En español, o composto *reconcomerse* ten como nome de acción *reconcomio*.

Por último, do verbo *coller* ten un antigo nome de acción *recolledor* (que se especializou practicamente para o instrumento que serve para recoller o que se varre), o nome de acción *collida* (especializado na linguaxe taurina, mentres que *colleita* e o composto *recollida* é de uso normal), non*collimento (que si existe no composto *recollemento*). Esta imposibilidade de predicir os derivados é precisamente unha das maiores fontes de problemas para quen aprende un idioma. En grego pasa igual. Malia todo, é útil o estudo das familias de palabras porque nos permiten fixar o vocabulario dunha forma máis cómoda.

✓ Realiza a πράξις 1

5.4 Derivados patrimoniais e cultismos

Ao galego, como a outras linguas modernas, chegou grande número de palabras gregas; pero non todas o fixeron do mesmo xeito, e a forma en que chegaron a nós condiciona a forma en que se alteraron. Unhas proceden de auténticas palabras gregas, que herdamos, ben sexa a través do latín, ben a través do árabe, e en condicións diversas. Outras fóronse creando, xa en época moderna para designar realidades descoñecidas polos gregos, termos formados con raíces gregas e coas formas de composición e sufixos de derivación desta lingua, como se en certa medida continuásemos a falar grego.

Helenismos

Chamamos **helenismo a toda palabra derivada do grego.**

- **Palabras patrimoniais**

Pero esta derivación a maioría das veces é indirecta, é dicir, **trátase de palabras que o latín aceptou do grego e que logo herdaron as linguas romances. Por iso, sofren en cada lingua as alteracións fonéticas normais das palabras herdadas e chamámolas palabras patrimoniais.** Así, por exemplo, unha palabra como ἄμφορεύς (literalmente, *que*

pode levarse por dous lados, aludindo ás súas dúas asas, cf. ἀμφί a un e outro lado e φορέω levar) pasou ao latín, que a encadrou na súa primeira declinación, como *amphora*. Do latín herdárona as linguas romances na época antiga, como *ánfora*, o francés como *amphore*. A palabra grega σχολή, que é tomada polo latín como *schola* e sofre a evolución normal no galego *escola*, e aparición de e inicial e perda de -s- en francés *école*. O inglés tamén presenta estas palabras como *amphora* e *school*.

Outro exemplo é a palabra *idea*, franc. *idée*, ing. *idea* que teñen idéntica forma (salvo algunhas lixeiras variantes debidas á propia evolución de cada lingua) que o grego ἰδέα, unha palabra inventada polos filósofos presocráticos e que adquire o seu sentido actual en Platón. Cicerón e Séneca pasárona ao latín e, de aí, chegounos a nós. Tamén se pode citar o caso do galego *xénese*, francés *genèse*, ing. *genesis*, tomadas do gr. γένεσις. En grego, a palabra significaba *nacemento*, pero os poetas primitivos usábana só referida ao nacemento dos deuses (o que os gregos chamaban unha *teogonía*), mentres que os primeiros filósofos a utilizaron para referirse á 'orixe do mundo, orixe das cousas'. Plinio introduciuna en latín e del tomárona as linguas modernas.

Hai un tipo de helenismos que forman tamén palabras patrimoniais, pero que non nos chegaron a través do latín, senón do árabe. Exemplos destas palabras patrimoniais pasadas polo árabe son os seguintes: *alambique* que procede do árabe *al-inbiq* que, á súa vez, está formada polo artigo árabe *al* e a palabra grega ἄμβιξ *alambique*; *quilate*, procedente do árabe *qirat*, á súa vez procedente de gr. κεράτιον (unha pequena unidade de peso); *alcaparra*, que non é outra cousa que unha palabra grega (κάππαρις), precedida do artigo árabe *al-*. No inglés *caper* e no francés *câpre* atopamos o derivado sen o artigo árabe.

• Cultismos

Outras veces o camiño da palabra é un pouco máis complicado. O latín adóptaa do grego, pero o galego tómaa do latín, nunha época en que xa o latín non se falaba, **a través de variedades cultas da lingua, como pode ser a lingua da Igrexa, a do dereito ou a da medicina. Ás palabras que entran desta forma en galego chamámolas cultismos e caracterízanse porque non sofren as alteracións normais do paso do latín ao galego, senón que manteñen maior semellanza coa palabra latina orixinal.** A miúdo o cultismo coexiste coa palabra patrimoniais, mantendo ou non significados distintos. Citaremos un par de exemplos. En grego chamábase ἡμικράνιον á dor producida na metade da cabeza e formábase con ἡμι- metade e κράνιον cranio. A medicina ofrécenos un cultismo na forma *hemicránea*, co que coexiste a palabra patrimonial *xaqueca*. En canto a grega παραβολή significaba comparación, literalmente *o que se bota* (βάλλω) *xunto a* (παρά), o latín herda o termo como *parabola*, que pasa ao galego como termo patrimonial no substantivo *palabra*, e ao francés no substantivo *parole* e no verbo *parler*. Pero a lingua da Igrexa mantén o sentido antigo para referirse ás parábolas de Xesucristo e utiliza o **cultismo** *parábola*, francés *parabole*

• Calcos lingüísticos

A miúdo unha palabra grega non foi aceptada en latín, senón traducida a esta lingua, pero cos sentidos que o termo grego tiña. Estas chámanse calcos lingüísticos. A palabra grega αἰτία significaba *causa xudicial* e os filósofos gregos déronlle o valor de *causa que produce un efecto*. Os filósofos latinos traducírona por *causa*, a palabra que na súa lingua designaba a causa xudicial, á que lle deron un novo valor filosófico, e así chegou a nós (gal. *causa*, esp. *causa*, franc. *cause*, ing. *cause*), cos dous significados, o antigo, xudicial, e o posterior, filosófico, que os gregos lle deran. Outros exemplos son: o latín *triangulus*, que se creou como tradución de grego τρίγωνος; *qualitas* calidade, que se "calcou" do grego ποιότης, dado que latín *qualis cal'* era a forma latina correspondente a grego ποῖος.

• Neoloxismos

Por último, nas linguas modernas hai unha serie de **palabras que utilizan como base lexemas gregos ou latinos e procedementos de derivación ou de composición propios destas linguas**. A estes termos, xeralmente utilizados para a lingua das ciencias, chamámoslos **neoloxismos**. Con moita frecuencia considerámoslos igual que aos cultismos procedentes do grego ou do latín, pero non son o mesmo. Por exemplo, está claro que os gregos non coñecían o cinema. Non obstante, a palabra con que os seus inventores franceses o bautizaron, *cinématographe*, adoptada en galego como *cinematógrafo* (tamén abreviada *cinema*, en ing. sempre abreviada *cinema*) e a designación da arte correspondente, franc. *cinématographie* (gal. *cinematografía*, ing. *cinematography*) ou o derivado *cinématographique* (gal. *cinematográfico*, ing. *cinematographic*) están formados, non só sobre palabras gregas κίνημα *movemento* e γράφω *pintar*, senón mesmo sobre sufixos de derivación gregos aínda cando sexa na forma evolucionada de cada lingua: gal. -ía, franc. -ie, ing. -e (gr. -ía) / gal.-ico, franc. -ique, ing. -ic (gr. -ΛΟΓ-). A formación destas palabras é idéntica á doutras, esas si existentes en grego antigo, como *xeógrafo* (franc. *géographe*, ing. *geographer*, con outro sufixo), *xeografía* (franc. *géographie*, ing. *geography*) e *xeográfico* (franc. *géographique*, ing. *geographic*), en grego γεωγράφος, γεωγραφία, γεωγραφικός. O mesmo acontece cunha morea de termos máis, que os gregos non usaron, pero que os modernos, recoñecendo a súa débeda con eles, seguiron configurando coma se aínda falásenos grego, como *cibernética* (ing. *cybernetics*, franc. *cybernétique*, cf. grego κυβερνάω *pilotar a nave*), *fonoloxía* (ing. *phonology*, franc. *phonologie*, cf. grego φωνή *voz* e λόγος *tratado*) ou *tauromaquia* (ing. *tauromachy*, franc. *tauromachie*, cf. grego ταῦρος *touro* e μάχη *combate*). Estes teñen, ademais, a vantaxe de que resultan intelixibles, mesmo para quen non coñece a lingua en que aparecen.

Compostos híbridos

É característico das linguas modernas que, entre os compostos novos creados como neoloxismos, presenten os que chamamos **compostos híbridos, cun compoñente grego e outro que non o é, frecuentemente latino**. É o caso de *semitón*, composto de lat. *semi-* e grego τόνος (un composto non híbrido sería **hemitono*), de *automóbil*, compostos de grego αὐτός *el mesmo* e lat. *mobilis que pode moverse* (literalmente '*o que pode moverse por si mesmo*'); compostos non híbridos serían un composto latino **ipsemóvil* (formado por *ipse*, a palabra latina que corresponde a αὐτός) ou un composto grego **autocinetos* (grego moderno αυτοκίνητος) formado por un derivado do verbo κινέω *moverse*. Tamén atopamos compostos híbridos con outras linguas modernas. Así, *archisabido*, composta do participio galego sabido e un prefixo grego ἀρχι-, ou *hipermarket* formado por ὑπέρ (equivalente de latín *super-*) e inglés *market* '*mercado*'.

✓ Realiza a πράξις 2

5.5. Prefixos gregos

Chamamos "**prefixos**" aos morfemas que preceden a un lexema para modificar o seu significado. En grego hai distintos tipos de prefixos. Uns **son gramaticais e outros léxicos**; exemplo de prefixos gramaticais son o aumento, que indica que o verbo está en imperfecto, aoristo ou pluscuamperfecto, ou a reduplicación con -ε-, coa que se forman os perfectos do verbo.

Aquí ocuparémonos dos prefixos léxicos, a maioría dos cales poden aparecer separados en forma de preposicións ou unidos a outra palabra.

O estudo dos prefixos é de grande utilidade para o coñecemento do vocabulario grego. Pero tamén é útil para aprender vocabulario doutras linguas modernas, porque nelas os prefixos manteñen o mesmo sentido e aparecen tanto en palabras herdadas do grego antigo coma noutras creadas en época moderna seguindo os mesmos procedementos cos que se formaron as palabras gregas. Daremos exemplos, tanto de palabras antigas, existentes en Grecia, coma doutras creadas en época moderna nas linguas peninsulares ou europeas.

Prefixos procedentes de preposicións-preverbios gregos:

1. Grego ἀμφί- (ante vogal, tamén ἀμφ-) / galego *anfi-* 'a un lado e ao outro'

Exemplos en grego:

- ἀμφί-αλος "rodeado polo mar" (cf. ἄλς ἁλός 'mar'),
- ἀμφί-βιος 'que vive nunha parte e noutra' (isto é, 'na terra e na auga'), 'anfíbio' (cf. βίος 'vida'),
- ἀμφι-βολία 'ataque por ambos os dous lados', 'ambigüidade da linguaxe' (cf. βάλλω 'lanzar'),
- ἀμφι-θέατρον 'o que pode verse dende os dous lados', 'anfiteatro' (cf. θέατρον).

Exemplos en galego:

- Proceden do grego *anfíbio*, *anfiteatro*. Créanse novos **anfiboloxía** 'expresión dubidosa' (cf. λόγος 'expresión, palabra'), **anfípodo** 'que ten dúas clases de patas' (como algúns crustáceos, cf. πούς, ποδός 'pé').

2. Grego ἀνα- / galego *ana-*, con diversos sentidos:

- 'cara a arriba' (fronte a κατά 'cara a abaixo'),
- 'de novo',
- 'de forma separada'

Exemplos en grego:

- ἀν-άγω 'levar cara a arriba' ou 'traer' (cf. ἄγω 'levar'),
- ἀνά-λυσις 'descomposición de elementos', 'análise' (cf. λύω 'disolver'),
- ἀνα-χωρητής 'que se retira' (acaba por significar 'anacoreta', 'eremita', cf. χωρέω 'retirarse'),
- ἀνα-χρονισμός 'erro de cronoloxía', 'anacronismo' (cf. χρόνος 'tempo').

Exemplos en galego:

Proceden do grego *anacronismo*, *análise*. É unha palabra nova **anacromático** 'dise do obxectivo que produce aberracións de cor' (cf. Grego χρώμα 'cor').

NOTA. Algunhas palabras galegas ou gregas comezadas por *ἀνα-* **non conteñen o prefixo ἀνά-**, senón unha alfa privativa na forma *αν-* seguida dunha vogal. Por exemplo, grego ἀνακόλουθος, conservada co mesmo sentido en galego **anacoluto** 'inconsecuencia na construción dunha frase', que procede de ἀν- e de ἀκολουθέω 'acompañar', 'seguirse'.

3. Grego ἀντι- (ante vogal, tamén ἀντ-) / galego *ant(i)-* 'fronte a' (indicando tanto lugar como actitude, isto é 'contra').

Exemplos en grego:

- ἀντ-αγωνιστής 'rival', 'que combate contra', 'antagonista' (cf. ἀγωνίζω 'loitar'),
- ἀντι-δίδωμι "dar a cambio" (cf. δίδωμι 'dar'),
- ἀντι-λογία 'oposición de palabra', 'proposta (filosófica) contraria' (cf. λόγος 'palabra, razoamento',).

Exemplos en galego:

Proceden do grego *antagonista*, *antiloixía*. Son novos **antiaéreo** 'que se opón á navegación ou á acción aérea' (cf. αἴρ 'aire'), **antihelmíntico** 'medicamento contra as lombrigas intestinais' (cf. ἔλμινς 'lombriga').

4. Grego ἀπο- (ante vogal, ἀπ- e ante vogal aspirada, ἀφ-) / galego *apo-, af-* 'separado' (de onde 'lonxe de' ou 'carente de').

Exemplos en grego:

ἀπο-κοπή 'amputación', 'apócope' (cf. κόπτω 'cortar'),

ἀπό-κρυφο 'escondido', 'segredo', 'apócrifo', ἀφ-ορισμός "'separación' (cf. ὁρίζω 'delimitar') e tamén 'sentenza, aforismo', chamada así porque pode separarse, dicirse por separado do resto dun texto e ten un significado propio.

Exemplos en galego:

- Proceden do grego: *apócope*, *apócrifo*, *aforismo*.
- Son casos curiosos **adega** e **botica** procedentes, por vía non culta, de **apoteca**, e este do grego ἀποθήκη 'almacén' (cf. τίθημι 'colocar', θήκη 'estante'). A palabra, de orixe francesa, pero tamén usada en español **boutique** ten esta mesma orixe.
- Son novos: **apocromático** 'dise do obxectivo corrixido das aberracións cromáticas' (cf. χρώμα 'cor') ou **apogamia** 'reproducción asexuada' (cf. γάμος 'voda').

5. Grego δια- (ante vogal, δι-) / galego *di(a)-* 'a través de' (o que pode dar lugar aos sentidos 'separadamente' ou 'por completo', xa que do sentido "pasar a través dunha cousa" chégase ao de 'dividila' ou ao de 'percorreila enteira').

Exemplos en grego:

- διά-γραμμα 'diagrama' (cf. δια-γράφω, de διά e γράφω 'trazar ao longo de', 'debuxar'),
- διά-ρροια 'diarrea' 'fluxo a través de' (cf. ῥέω 'fluír'),
- διά-μετρος 'diámetro', 'medida de parte a parte' (cf. μέτρον 'medida').

Exemplos en galego:

- Proceden do grego: *diagrama*, *diámetro*, *diarrea*.
- Son novos: **diascopio** 'proxector' (cf. σκοπέω 'ver'), **diastrofismo** 'conxunto de dislocacións da codia terrestre' (cf. διαστροφή 'dislocación', palabra formada por διά e o verbo στρέφω 'volverse', 'torcer').

6. Grego ἐκ- (ante vogal, ἐξ-) / galego ec-, ex- 'fóra' 'á parte' 'dende'.

Exemplos en grego:

- ἐκ-βαίνω 'baixarse' (dun carro, dun barco, cf. βαίνω 'ir'),
- ἐκ-ζέμα 'erupción cutánea', 'eccema' (cf. ζέω 'ferver, bullir',),
- ἐκ-λείψει 'abandono' 'eclipse' (cf. λείπω 'deixar'),
- ἐξ-οδος 'saída', 'éxodo' (cf. ὁδός 'camiño').

Exemplos en galego:

- Proceden do grego: **eclipse**, **éxodo**.
- Un caso curioso é **igrexia**, derivado popular de latín *ecclesia* (cf. *eclesiástico*), que procede de gr. ἐκκλησία 'reunión', 'assemblea' (cf. ἐκ-καλέω 'convocar' e καλέω 'chamar').
- Son novos: **ectopia** 'presenza dun tecido no lugar que non lle corresponde' (cf. τόπος 'lugar'), **eclampsia** 'accidente brusco que acontece no embarazo' (ἐκ-λαμψις significaba 'resplandor', cf. λάμπω 'brillar').

7. Grego ἐν- (ante labial, ἐμ-; ante gutural, ἐγ- e ante -λ, ἐλ-) / galego em-, en- 'en, dentro de'.

Exemplos en grego:

ἐν-δημος *propio dun lugar*, dito de νοσήματα *enfermedades*, significa **endémico** (cf. δῆμος *pobo*), ἐμ-βλημα *ornamento, inserto nunha parede, decoración* (cf. βάλλω *botar*), ἐγ-κέφαλος **cerebro** 'o que está na cabeza' (cf. Κεφαλή *cabeza*).

Exemplos en galego:

Proceden do grego: **emblema**, **encéfalo**, **enciclopedia** (do sintagma formado polo adxectivo ἑγκικλος *cíclico* e παιδεία *ensino*), **endémico**.

8. Grego ἐπι-, (ante vogal, ἐπ- e ante vogal aspirado, ἐφ-) / galego ep(i)- ef- 'sobre' (en expresións de tempo 'despois de').

Exemplos en grego:

- ἐπιγαστήριος *que está sobre o ventre* (cf. Γαστήρ *ventre*),
- ἐπ-ώνυμος *que dá o seu nome a* (cf. ὄνομα *nome*),
- ἐφ-ηβος *que está na súa primeira xuventude* (cf. ἥβη *xuventude*).

Exemplos en galego:

- Proceden do grego: **epigastrio**, **epónimo**, **efebo**.
- Son novos: **epicéntrico** (cf. κέντρον *centro*), **epidermofitia** 'infección cutánea por fungos' (cf. δέρμα *pel* e φυτόν *planta*).

9. Grego κατα- (ante vogal, κατ- e ante vogal aspirada, καθ-) / galego cat(a)- 'cara a abaixo' (oposto a ἀνά, ana-) 'completamente'.

Exemplos en grego:

- Κατα-κλυμός *inundación* (de κατακλυζω *encherase de auga de arriba abaixo*),
- Κάθ-οδος *descenso* (cf. ὁδός *camiño*).

Exemplos en galego:

- Proceden do grego: **cataclismo** (aínda que con sentido de '*catástrofe xeral*' non necesariamente por inundación), **cátodo**, especializado nun sentido técnico, '*electrodo de saída da corrente, polo negativo*' (por oposición ao ánodo 'polo positivo', coma se a corrente "subise" polo cátodo e "baixase" polo ánodo). Un caso curioso é o de grego καθέδρα *asento, trono*, que pasa a significar, por vía culta, **cátedra**, polo sillón en que sentaba o profesor, e como palabra patrimonial, *cadeira*, porque en latín vulgar pasara a significar primeiro '*traseiro*' ("o que se senta"), e logo, '*cadeira*'.
- Exemplo de termo novo é **catafilaxia** '*desprazamento dos axentes defensivos do organismo cara ao foco de infección*' (cf. Φύλαξ gardián).

10.Grego μετα- (ante vogal, μετ-, e ante vogal aspirada, μεθ-) / galego met(a)- 'idea de cambio, concretada ás veces como *máis alá*'.

Exemplos en grego:

Μετά-βασις *cambio* (cf. Βαίνω *ir*),

Ματά-θεσις *trasposición* (cf. τίθημι *poñer*),

Μέθ-οδος *método* (cf. ὁδός *camiño*, sendo o '*método*' o *camiño polo que organizar unha investigación ou un proceso*).

Exemplos en galego:

- Proceden do grego: **método**, **metábase** (especializado en sentido gramatical para referirse ao cambio de categoría lingüística dunha palabra, como a substantivación dun adxectivo); **metátese**, tamén limitado aos cambios de posición de fonemas na palabra.
- Son novos: **metabolismo** '*conxunto de reaccións químicas que se refiren ao mantemento, crecemento e reprodución dos seres vivos*'; en cambio si que existe en grego μεταβολικός, *que cambia*, igual que galego **metabólico** (cf. Βάλλω lanzar, botar), **metamorfopsia** '*trastorno da vista consistente en ver os obxectos con forma distinta da que teñen*' (cf. Μορφή *forma* e ὄψις *visión*).

11.Grego παρ- (ante vogal, παρ-) / galego par(a)- 'ao longo de, xunto a', pero tamén indica desviación.

Exemplos en grego:

a) sentido "ao longo de": παράλληλος *un xunto a outro, paralelo* (cf. o pronome recíproco ἀλλήλους *un a outro*), παρωτίς, -ίδος *inflamación da parótide* (cf. οὖς, -ώτός: a palabra significaría '*que está xunto a ou ao longo da orella*');)

b) sentido "desviación":

παράδοξος *increíble* (cf. δόξα *opinión*),

παράνοια *loucura* (cf. νοῦς *mente*).

Exemplos en galego:

- Proceden do grego: **paralelo**, **parótide**, **paradoxal**, **paranoia**. Un caso curioso é o da palabra **parasito** '*animal ou vexetal que vive noutro e se nutre del*'. Procede do grego παράσιτος, pero nesta lingua non tiña o sentido técnico que ten agora, senón que significaba *que senta a comer xunto a* (cf. σῖτος *comida*). Pero pronto se especializou no sentido de *que come a custa dos demais, chupón*, e de aí o sentido nas ciencias naturais modernas.

- Son novos: **parotidite** 'inflamación das parótides' (co sufixo -ΐτις inflamación), **paramilitar** 'con estrutura ou disciplina de tipo militar' (lat. *militaris*).

12.Grego **περι-** / galego peri- 'arredor' (idea de movemento circular).

Exemplos en grego:

Περίμετρον *circunferencia* (cf. μέτρον *medida*),

Περικάρδιος *pericardio*, 'membrana arredor do corazón' (cf. καρδιά *corazón*).

Exemplos en galego.

- Proceden do grego: **perímetro** (aínda que en galego pasa a significar a *medida do contorno de calquera figura plana*), **pericardio**.

- Son novos **periscopio** 'instrumento óptico que permite a observación de zonas inaccesibles á vista' (en grego existe o verbo περισκοπέω *mirar arredor, observar atentamente*), **perineumonía** 'neumonía da pleura', enfermidade bovina (cf. πνευμονία *pulmonía*).

13.Grego **προ-** / galego pro- con sentido local 'diante de' e con sentido temporal 'antes de'.

Exemplos en grego:

Πρό-ναος *parte dianteira dun templo* (cf. ναός, νεώς *templo*),

Πρό-γνωσις *coñecemento anticipado dalgún suceso* (cf. γι-γνώσκω *coñecer*),

Πρόγραμμα *edito*, literalmente, 'o que se escribe antes' (cf. γράφω *escribir*, γράμμα *o escrito, letra*).

Exemplos en galego:

- Proceden do grego: *pronaos*, *prognose*, *programa*.

- É novo **proclítico** que se di da *palabra privada de acento que se apoia na palabra seguinte e forma con ela un grupo melódico* (cf. κλίνω *apoiarse*).

NOTA. pro- é tamén prefixo latino e moitas palabras empezadas con pro- veñen do latín, cf. **promesa** de *pro missa* (cf. *mitto*), **prolixo** (lat. *pro lixum*, cf. *liqueo*), etc.

14.Grego **προσ-** / galego pros- 'cara a' (indicando unha dirección cara a, sen chegar ao termo).

Exemplos en grego:

Προσ-αγγελία *envío dunha mensaxe* (cf. ἀγγελία *mensaxe*),

Προσ-ήλιτος *converso ao xudaísmo* (cf. ἐλύσομαι, futuro de ἔρχομαι *vir*, significaría 'o que está a vir' dende outra crenza cara á nova).

Exemplos en galego: Proceden do grego: **prosélito**, aínda que referido a todo o que se converteu en partidario dunha doutrina, sexa esta a que sexa. Non é un prefixo produtivo para crear termos novos

✓ Realiza a πράξις 3

5.6. Sufixos gregos

Mediante os sufixos pódense engadir matices novos ás palabras. Moitos sufixos gregos son de frecuente uso na nosa lingua.

1. O sufixo grego -εία, -ία, galego -ia. Forma substantivos de acción o calidade.

Exemplos en grego:

φιλ-ία 'amizade, afección' (cf. φιλ- έω 'amar', φίλος 'amigo'), ἀμνησία 'olvido' (cf. ἀ- privativa, μι-μνή-σκω 'recordar', μνήμη 'memoria'), γυμνασία 'exercicio atlético' (cf. γυμνός 'desnudo', porque os gregos practicaban os exercicios atléticos desnudos).

En galego son antigos: **amnesia**, **ximnasia**, e modernos: múltiples compostos con-**filia**, como **hemofilia** 'deficiencia na coagulación do sangue' (cf. αἷμα 'sangue').

2. Grego -ικός, galego -ico. Forma adxectivos e substantivos femininos. Expressa relación ou pertenza.

Exemplos en grego: de adxectivos γραμματικός 'que coñece as letras' (cf. γράμμα 'letra'), ἠθικός 'moral' (cf. ἥθος 'costume'), μοναρχικός 'pertencente ao rei' (cf. μονάρχος 'rei', composto, á súa vez, de μόνος 'un' e ἄρχω 'mandar'); de substantivos: γραμματική 'gramática', ἠθική 'ética'.

En galego son antigos: os adxectivos **gramático**, **ético**, **monárquico**, e os substantivos **gramática**, **ética**. Modernos: os adxectivos **neurálxico** 'relativo á neuralxia', dolor localizado nun nervio (cf. νεύρον 'nervio' e ἄλγος 'dor'), **semiótica** 'ciencia referida aos sistemas de signos' (cf. σημεῖον 'signo').

3. Grego -(ι)σμός, ιασμός, galego -(i)smo, -iasmo. Forma substantivos. Expressa actividade ou condición de ser partidario de algo.

Exemplos en grego: ἐνθουσιασμός 'entusiasmo' (cf. εἵθεος, εἵθους 'posuído por un deus');

En galego, antigo: **entusiasmo** (cf. *entusiasta*); moderno: **narcisismo** 'admiración por un mesmo' (cf. o personaxe mítico Narciso Ναρκίσσος) e *narcisista*.

4) Grego -ωσις, galego -ose. Expressa un proceso. En galego tende a especializarse na medicina para referirse a procesos dexenerativos.

Exemplos en grego: ἀποθέωσις 'conversión en deus, deificación', πύρωσις 'queimazón' (cf. πῦρ 'fogo');

En galego son antigos: **apoteose** (aínda que cun sentido figurado), **pirose** 'ardor, xeralmente referido ao do estómago'; moderno: **dermatose**, nome xenérico das enfermidades da pel.

5. Grego -ίζω, galego -izar. Forma verbos derivados de substantivos co sentido de "converter en", ou "poñer en práctica".

Exemplos en grego: πολεμ-ίζω *combater* (cf. πόλεμος *guerra*), σχηματίζω *darlle forma a algo* (cf. σχῆμα *forma*).

Exemplos en galego: antigos: **polemizar** (aínda que en galego se refire á "guerra" verbal), **esquematzar**, modernos: **cauterizar** "queimar unha ferida para evitar unha infección" (cf. καυτήρ *que queima*), **organizar** (cf. ὄργανον *instrumento*).

6. Grego -ῖτις, galego -ite inflamación. Forma substantivos derivados dun nome de partes do corpo para expresar a súa inflamación.

Exemplos en grego: ἄρθριτις *inflamación das articulacións, artrite* (cf. ἄρθρον *articulación*), νεφριτις *inflamación do ril* (cf. νεφρός *ril*).

Exemplos en galego: antigos: **artrite**, **nefrite**; moderno: **flebite** 'inflamación dunha vea' (c-f. φλέψ, φλεβός *vea*).

7. Grego -μα, galego -ma. Indica resultado dunha acción. Forma nomes abstractos de resultado.

Exemplos en grego: δόγμα *crenza* (cf. δοκέω *creer*), προβλήμα *problema*, literalmente, 'o que se lanza por diante' (cf. πρό *diante* e βάλλω *lanzar*).

Exemplos en galego: antigos: **dogma**, **problema**; moderno: **morfema** 'unidade significativa mínima' (cf. μορφή *forma*).

8. Grego -σις, galego -se. Forma nomes de acción.

Exemplo en grego: γένεσις *nacemento* (cf. γίγνομαι *nacer*).

Exemplos en galego: antigo: **xénese**; moderno: **hemoptise** 'expectoración de sangue' (cf. αἷμα *sangue* e πτύσις *acción de cuspir*).

9. Grego -τηρ, galego -ter. Forma nomes de axente, que designan o responsable da acción.

Exemplos en grego: σωτήρ *salvador* (cf. σώζω *salvar*), χαράκτηρ *gravador*, (cf. χαράσσω *gravar*).

O sufixo -τηρ non é produtivo en galego, que emprega o sufixo latino -tor, cf. *autor* de lat. *auctor* (cf. *augeo*), ou o sufixo -ta (gr. -της, cf. n. 10). As palabras con sufixo -ter habitualmente non teñen xa o valor de axente. Así o gr. χαράκτηρ pasou a significar tamén *ferro de marcar gando* e *marca distintiva*. De aí, metaforicamente, pasa a significar a "marca distintiva" do comportamento dalguén, de onde *carácter*

10. Grego -της, galego -ta. Forma nomes de axente.

Exemplos en grego: πολίτης *ciudadán* (cf. πόλις *cidade*), co composto κοσμο-πολίτης *ciudadán do mundo* (cf. κόσμος *mundo*), ἄσκητης *que practica*, e en época cristiá, que *practica a fe, asceta* (cf. ἀσκέω *practicar*), ναύτης *mariño* (cf. ναῦς *nave*).

Exemplos en galego: antigos, **asceta**, **cosmopolita**; modernos, **cosmonauta**, **astronauta** "que navega polo cosmos" ou 'polas estrelas' (cf. ἄστρον *estrela*).

11. Grego -(i)στής, galego -(i)sta. Expresa acción de ou condición de ser partidario dalguña cousa.

Exemplos en grego: σχολιαστής *comentarista* (σχόλιον *anotación, comentario*); δυναστής *soberano* (δύναμις *poder*)

Exemplos en galego: **escoliasta**, **dinasta** (cf. dinástico). Moderno: **hedonista** 'partidario da doutrina que fai do pracer o obxectivo da vida' (cf. ἡδονή *pracer*).

✓ Realiza a πράξις 4

5.7.A composición

Unha palabra composta é a que está formada por dous lexemas. Este recurso permítele ao grego e a calquera lingua crear numerosos termos novos a partir de termos sinxelos.

Das dúas palabras que forman o composto a primeira perdeu a súa autonomía sintáctica e as súas marcas de xénero, número e caso, se é un nome ou un adxectivo, e de voz, modo, tempo, número e persoa, se é un verbo. Así, en *azulgrana*, composto de azul e de grana, os morfemas de xénero e número só os recibe o final da palabra, non o primeiro elemento do composto, e dicimos *os xogadores azulgranas*, e non **azulesgranas*. En *tirarrollas* o primeiro elemento é o verbo tirar, pero perdeu a súa capacidade de recibir morfemas de tempo ou desinencias (non podemos dicir **tirabarrollas*, nin o plural é **tiranrollas*).

En grego, unha palabra como *μεγάθυμος* é un composto de *μέγας* *grande* e *θυμός* *ánimo*, que corresponde ao galego *magnánimo*. Só o podemos declinar coas formas do segundo elemento, nominativo *μεγάθυμος* (non **μεγάσθυμος*) e xenitivo *μεγαθύμου* (non **μεγαλουθύμου*). Así, dicimos: *ἐχέφρων* *sensato* (de *ἔχω* *ter, manter* e *φρήν* *sensatez*), e non **ἐχεισ-φρων* *sensato (ti)* ni **ἐχουσι-φρωνες* *sensatos (eles)*.

✓ Realiza a πράξις 5